

**Resolución reitoral pola que se convocan bolsas de mobilidade da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) para o estudantado de programas de doutoramento da Universidade de Vigo no curso académico 2023/2024**

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo desenvolve este programa de bolsas coa finalidade de contribuír a paliar os gastos ocasionados pola mobilidade do estudantado dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo, cun dobre obxectivo:

- Facilitar o cumprimento de actividades formativas que requiran desprazamento de curta duración como asistencia a cursos, seminarios, simposio, etc.,
- Fomentar os desprazamentos a centros de investigación internacionais conducentes á consecución da Mención Internacional nas teses de doutoramento.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023*, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas de mobilidade para o estudantado de doutoramento da Universidade de Vigo, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.

2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>, no [Portal de bolsas](#) e na web da [Escola Internacional de Doutoramento](#).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica  
O reitor  
Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)  
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade  
Natalia Caparrini Marín



## ANEXO I

**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA O ESTUDANTADO DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO****1. OBXECTO**

Estas bolsas teñen por obxecto contribuír a paliar os gastos ocasionados ao estudantado da Universidade de Vigo matriculado nos programas de doutoramento, con motivo da realización de estadias que permiten o recoñecemento de mención internacional, e demais actividades incluídas na súa programación académica que impliquen desprazamento.

**2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

Pode solicitar bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na Universidade de Vigo no período de tutela de tese no curso académico 2023/24 nalgún dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo.
- b) Realizar durante o curso 2023/2024 a actividade (de acordo coa súa programación académica) que implique o desprazamento a outras universidades participantes no programa de doutoramento, a outros centros de investigación, ou a asistencia a congresos e cursos. No caso de estadias de investigación deberá ter unha duración mínima de 28 días.
- c) O desprazamento terá que estar **finalizado antes do 01/11/2024**, e non poderá conter períodos de baixa temporal no programa de doutoramento.
- d) Contar co informe favorable das persoas directoras da tese e da comisión académica do programa de doutoramento (CAPD).
- e) Ter aprobado pola CAPD o Plan de Investigación.
- f) Para estudantado que ingresara no curso 2021/22 ou anterior, ter aprobadas pola CAPD as avaliacións anuais que pola súa situación lle sexan esixibles:
  - o Con carácter xeral ter aprobada a avaliación anual do curso 2022/23.
  - o Para estudantado que tivera períodos de baixa no programa de doutoramento, aplicarase unha condición equivalente considerando os seus períodos de alta no programa.

Támén poderá participar o estudantado matriculado no curso 2022/23 que non puido obter a bolsa no curso 2022/2023 por finalizar a súa estadia con posterioridade ao 01/11/2023, sempre que cumpra os restantes requisitos da convocatoria publicada por resolución reitoral de 20/03/2024.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

**3. INCOMPATIBILIDADES**

A cada persoa solicitante só se lle poderá asignar unha axuda desta convocatoria.

As bolsas serán incompatibles con calquera outra bolsa ou axuda concedidas por calquera institución pública ou privada para a mesma estadia, actividade ou período.

O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.



#### 4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta acción irán con cargo a aplicación orzamentaria 2024 OOPG 131H 482.10 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 53.750,00 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. Para dar cabida ás diferentes actividades formativas que poden existir nos programas de doutoramento que implican mobilidade, establécese a seguinte contía individual máxima dependendo da duración e do destino/orixe ata o esgotamento do crédito dispoñible:

DESTINO	Desprazamento inferior a 28 días	Estadía de 28 días en adiante
Galicia	100 €	100 €
Península Ibérica, Baleares, Ceuta e Melilla	250 €	750 €
Canarias	450 €	950 €
Europa e hemisferio norteafricano	500 €	1.300 €
Asia e Oceanía	1.000 €	1.800 €
Resto do mundo	800 €	1.600 €

3. O pagamento da bolsa efectuarase, unha vez presentada a documentación que acredite a asistencia ao curso/congreso ou estadía na que figuren as datas de inicio e fin, mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular.

4. No caso de non esgotarse o orzamento coa asignación reflectida no cadro, asignarase unha dotación adicional ás estadías en destinos internacionais de 28 € *por día* excedido dos 28 días establecidos como requisito, agás Portugal que o importe será 18 € *por día*, cun máximo financiable de 90 días para a duración total da estadía, e de 3.000€ para o total da axuda. Aplicarase o mesmo criterio de selección sinalado no punto 6 ata esgotar o crédito.

#### 5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán encher o **formulario en liña** no seguinte enlace [https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/13606](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13606), **descargalo e presentalo na Sede Electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, e pór como **asunto** "Bolsas EIDO mobilidade doutoramento", achegando unicamente o arquivo coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes: [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia\\_rexistro\\_instancia\\_xenerica\\_gl.docx.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf). No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico [sede@uvigo.gal](mailto:sede@uvigo.gal).

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, se lle requirirá para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas de **nacionalidade extracomunitaria**, poderán usar medios de acceso á sede electrónica alternativos, para o cal deberán iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a [estranxeiros@uvigo.gal](mailto:estranxeiros@uvigo.gal) antes de presentar a súa solicitude e con antelación suficiente ao día de peche do prazo de presentación.



2. O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte a publicarse esta convocatoria ata o **23 de setembro de 2024 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

3. No formulario en liña (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- Descrición da estadía para a que solicita a bolsa (anexo II): desprazamento a realizar, lugar de destino, institución ou congreso/curso, duración do desprazamento, proposta da actividade a realizar no destino, e orzamento.

Esta proposta deberá contar co informe favorable das persoas directoras da tese e da comisión académica do programa de doutoramento

- No seu caso, copia doutras solicitudes de bolsa para a mesma estadía ou asistencia que se tivesen presentado tanto en institucións, entidades ou fundacións públicas e privadas.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

## 6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo coa seguinte prioridade e tendo as incompatibilidades establecidas:

1º as persoas que non teñan concedida no ano 2023 *Axuda propia de mobilidade de persoal investigador da Uvigo*, nin *Axuda da convocatoria da EIDO*.

2º as persoas que teñan concedida no ano 2023 *Axuda propia de mobilidade de persoal investigador da Uvigo*, ou da *convocatoria da EIDO*.

En cada grupo as solicitudes ordenaranse de maior a menor antigüidade na data de solicitude de avaliación do seu primeiro plan de investigación. No caso de ter a mesma data terán prioridade as persoas que teñan maior número de avaliacións anuais aprobadas.

A Comisión de avaliación está composta por:

- Presidente: Antonio Collazo Fernández, Director da Escola Internacional de Doutoramento.
- Secretaria: María Magdalena Domínguez Álvarez, xefa de Área de Bolsas
- Vogais:
  - Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos
  - Carmen Losada Páez, xefa da Sección de Doutoramento.

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

No caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de bolsas ofertadas aplicarase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que a Sección de Axudas e Bolsas formulará directamente a proposta de concesión á vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade.



Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade que n adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

**A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, a denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaria virtual e presentalo na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos no seu caso e a concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.

## 8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:

- Destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
- Enviar á Sección de Bolsas no prazo de un mes desde a finalización da actividade subvencionada a documentación que acredite a asistencia ao curso/congreso ou estadía na que figuren as datas de inicio e fin.
- No caso de obter unha subvención para a mesma finalidade con posterioridade á solicitude da bolsa, as persoas beneficiarias deberán comunicalo por escrito á Sección de Axudas e Bolsas.

Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.



**9. REINTEGRO DAS BOLSAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL**

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

**10. TRANSPARENCIA**

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

**11. PROTECCIÓN DE DATOS**

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



ANEXO II

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A BOLSA DE MOBILIDADE

*(Deberá estar asinada polas persoas directoras da tese e da comisión académica do programa de doutoramento)*

Apelidos e nome:

DNI:

Detalle do desprazamento a realizar:

Lugar de destino:

Institución ou entidade de destino/congreso ou curso:

Curso: data de inicio do desprazamento:

Data de finalización do desprazamento:

Duración do desprazamento (en días):

Orzamento:

Actividade a realizar no destino:

Informe asinado sobre a proposta da actividade	
<p><b>A/s persoa/s directora/s da tese</b> informa favorablemente a realización desta actividade</p> <p>SI <input type="checkbox"/>      NON <input type="checkbox"/></p> <p>Asinado:</p>	<p><b>A Comisión Académica</b> informa favorablemente a realización desta actividade</p> <p>SI <input type="checkbox"/>      NON <input type="checkbox"/></p> <p>Asinado:</p>

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de 2024

(sinatura bolseiro/a)

